

EXPEDIENTE 1695/2023

ACTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E ELEVACIÓN A DEFINITIVAS DAS CUALIFICACIONES PROVISIONAIS DO SEGUNDO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, POLA QUENDA LIBRE, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DUNHA (1) PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL: ENXEÑEIRO/A

O Tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, dunha (1) praza de persoal funcionario/a de carreira da Escala de Administración especial: enxeñeiro/a, convocado e publicadas as Bases específicas no BOPPO número 218 de data 13 de novembro de 2023 e no BOE número 281 de data 24 de novembro de 2023, integrado polas seguintes persoas:

PRESIDENTE:

Titular:- Leopoldo Moure Dopico (Interventor Concello de Silleda)

SECRETARIA:

Titular:- Carmen Miranda Posse (Avogada do CIM do Concello de Silleda)

VOGAIS:

Titular:- Eduardo Artime Rial (Enxeñeiro de Camiños do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra)

Titular:- María del Mar González Estévez (Enxeñeira de Camiños do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra)

Titular:- Juan Carlos Peteiro Rodríguez (AEDL do Concello de Silleda)

A Presidencia declara constituído o Tribunal cualificador

Primeiro.- Transcorrido o prazo para formular alegacións ao listado provisional de baremación da fase de concurso, ao abeiro do establecido nas Bases reguladoras da convocatoria, procédese ao estudo da alegación efectuada por unha das persoas aspirantes.

Nº ALEGACIÓN	1
Nº REXISTRO DE ENTRADA	2024-E-RE-651
ALEGACIÓN	<i>“Que se publiquen e se consideren as cualificacións do segundo exercicio coas notas calculadas sobre un máximo de 20 puntos”.</i>
RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN	Estimada por unanimidade do Tribunal cualificador.



A Base Sexta das reguladoras do procedemento establece no seu apartado 2.-b) que “O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos sendo necesario para superalo acadar unha puntuación conxunta mínima de 10 puntos”

As cualificacións definitivas do segundo exercicio da fase de oposición serán as seguintes:

NOME	APELIDOS	PUNTUACIÓN	APTA/O
INÉS	MERA RICO	13,32	APTA
EVARISTO	JUNCAL FROJÁN	12,66	APTO

Segundo.- O terceiro exercicio da oposición terá lugar o xoves 16 de maio, ás 10:30 horas, nas dependencias do Viveiro de Empresas do Parque Empresarial Área 33-Silleda.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno identificativo acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal.

Este exercicio segundo a Base Sexta das reguladoras do procedemento, no seu punto 2, apartado c) *“De carácter obrigatorio e eliminatorio, consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo de 180 minutos, de varios supostos prácticos (cinco como máximo) relacionados co temario recollido nas bases específicas e co cometido funcional da praza.*

Na cualificación do exercicio valorarase, o nivel de coñecementos, a precisión e o rigor técnico na presentación, exposición e resolución das cuestións e a súa relación co cometido funcional e tarefas propias da praza.

O exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos sendo necesario para superalo acadar unha puntuación conxunta mínima de 10 puntos”.

O exercicio consistirá na resolución por escrito, nun tempo de 180 minutos, de tres supostos prácticos relacionados co temario recollido nas bases específicas e co cometido funcional da praza.

As persoas aspirantes deberán ir provistas dunha calculadora científica non programable e da “Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público”.

Terceiro.- Publicar a presente acta na Sede electrónica e na web do concello de Silleda www.silleda.es.

E para que conste aos efectos oportunos esténdese a presente acta no lugar e data que figuran na sinatura electrónica.

Documento asinado dixitalmente

Presidente, Leopoldo Moure Dopico

Secretaria, Carmen Miranda Posse

Vogais, Eduardo Artime Rial, María del Mar González Estévez, Juan Carlos Peteiro Rodríguez



